Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 11 de maio de 2018, adoptou entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

"PUNTO QUINTO.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONÓMICA MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN ORDINARIA DO SUBMINISTRO DE VEHÍCULO PARA DISTRIBUCIÓN DE ALIMENTOS PARA COLEXIOS. CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA NÚMERO 89/2017

O acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación no presente expediente de licitación foi adoptado en Xunta de Goberno Local de 12 de abril de 2018 e notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar e ós demais participantes no procedemento de licitación do subministro de "vehículo para distribución de alimentos para colexios".

Unha vez presentada polo clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, resulta procedente adxudicar o citado subministro.

Visto o informe favorable con observacións que emite Intervención Municipal con data 8 de maio de 2018 (informe 155/ 2018).

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Adxudicar o subministro de vehículo para distribución de alimentos para colexios, á empresa YÁÑEZ SL**,** con CIF B-15009566, e nas seguintes condicións:

A.- Prezo: O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de vinte mil setecentos oitenta e sete euros e noventa e tres céntimos **(20.787,93 euros),** sen IVE

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende á contía de catro mil cento oitenta e dous euros e sete céntimos **(4.182,07 euros).**

C. Prazo de execución: O prazo de execución do subministro será de **1 mes**, contado a partir do día seguinte ó da sinatura do contrato, podendo prorrogarse polo Concello se circunstancias particulares ou excepcionais así o aconsellan.

D.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Segundo.- Notificar aos interesados e dar traslado aos departamentos municipais afectados..

Terceiro.- Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado."

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do señor alcalde en Ames, a once de maio de 2018, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace
O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria

C.I.F.: P – 1500200 – I